

INFORME DE CONXUNTURA SOCIOECONÓMICA

I / 2024

FERNANDO GONZÁLEZ LAXE (COORD.)

JOSÉ FRANCISCO ARMESTO PINA

PATRICIO SÁNCHEZ FERNÁNDEZ

SANTIAGO LAGO PEÑAS

ASPECTOS SALIENTABLES

1. A diferenza do que acontece na maior parte dos países do noso entorno, a economía galega acelera de xeito significativo o seu dinamismo no primeiro trimestre do ano ao presentar unha medra intertrimestral do 1,3%, seis décimas por riba da media española, e un punto superior á do conxunto de países da zona euro. En termos anuais, o PIB medra en Galicia un 2%, catro décimas inferior á media española, sendo esta porcentaxe novamente superior á estimada para o conxunto da Unión Europea (0,5%), que se ve lastrada pola contracción da economía alemá e a dos Países Baixos (-0,2% e -0,5%, respectivamente), e aos seus principais socios comerciais: Francia (1,3%), Portugal (1,5%) e Italia (0,7%).

2. Galicia presenta crecemento equilibrado do PIB real baseado nunha achega positiva da demanda externa de un 1,1 puntos fronte ás nove décimas da demanda interna. Isto contrasta co acontecido na economía española, cuxo crecemento do PIB apóiase basicamente na demanda interna con dous puntos fronte a tan só dúas décimas no caso da demanda externa. Entre os motivos que xustifican o devandito desigual comportamento salienta a debilidade do consumo privado, cunha medra interanual do 0,4% fronte ao 2,4% estimado en España; así como a contracción do investimento, que se reduce un 1,3% en Galicia fronte á medra interanual do 1,8% en España. No concernente á demanda externa, ralentízase o incremento das vendas fóra de Galicia, cunha medra do 0,4%, o que contrasta coa contracción do 1,6% no caso das

importacións (no conxunto de España contráese tanto as exportacións como en maior medida as importacións)..

3. Dende o punto de vista da oferta, fronte ao crecemento dos catros grandes sectores en España, a economía galega presenta unha acusada contracción no sector primario, cunha redución do 4,6% fronte á medra do 0,4% no conxunto do Estado. A industria no seu conxunto, impulsada polo sector enerxético e a industria extractiva, é o sector máis dinámico en Galicia (3,2%), se ben é importante resaltar a preocupante evolución da industria manufacturera cuxo veb medra un 0,6% (3,3% en España). O sector terciario presenta un crecemento interanual de 2,2% e a construción dun 2,1% (2,6% e 3,6% en España). Xunto a devandita debilidade do crecemento da industria manufacturera cómpre insistir novamente na súa baixa produtividade relativa, que se sitúa no 72,1% da media española en termos de PTETC e no 73,6% en termos de horas traballadas, que son con carácter xeral as porcentaxes máis reducidas dende o ano 2008 (79,1% e 80%, respectivamente).

4. En termos agregados o mercado de traballo galego presenta un balance positivo. Dunha banda, volve a mellorar a participación das persoas no mercado laboral e na ocupación, reducíndose tanto a taxa de desemprego como da taxa da temporalidade, que pode ser un indicador da mellora da calidade de emprego. Doutra banda, os catro indicadores da

ocupación presentan unha mellor evolución que no ano anterior. Con todo, estes datos teñen de ser matizados novamente tendo en conta tanto que Galicia se mantén entre as CC.AA. con menores taxas de actividade e ocupación, así como polo menor dinamismo na creación de emprego que o conxunto do Estado. Asemade, a pesar da positiva redución do desemprego (2,5%) rexistrase unha ralentización na súa caída tendo en conta que no ano anterior reducíase un 4,4%, superando o 12% no resto do ano 2023.

5. Tras o devandito incremento do PIB galego nun 2%, máis dun punto inferior ao estimado no ano anterior, os catro indicadores da ocupación presentan taxas de crecemento superiores ás do ano anterior. A poboación ocupada aumenta en Galicia un 2,2% fronte ao 1,9% das afiliacións rexistradas, en tanto que as contas económicas amosan unha medra do 1,7% dos portos de traballo equivalente a tempo completo e do 1,5% no caso das horas traballadas. A diferenza do que acontece en Galicia, en España tan só as horas traballadas presentan un incremento interanual inferior ao crecemento do PIB.

6. Segundo os datos recollidos na EPA, por décimo segundo trimestre consecutivo o mercado laboral galego presenta unha medra interanual da poboación activa (1,7%), salientando que por primeira vez este crecemento non é inferior á estimada en España (1,7%). Este incremento prodúcese tanto entre as mulleres como

en maior medida entre os homes; concentrándose novamente entre as persoas maiores de 55 anos e a poboación máis nova, así como entre as persoas con estudos primarios ou menos e con estudos superiores rematados, así como entre as persoas de nacionalidade estranxeira.

7. No que ao perfil do emprego creado reflectido pola EPA, se refire, o emprego feminino presenta esta vez un maior dinamismo que o dinamismo. Asemade, con carácter xeral pode afirmarse que se concentra en maior medida no sector industrial, fundamentalmente na industria manufacturera, e na hostalería; entre as persoas traballadoras por conta allea no ámbito privado; entre os posúen estudos superiores; así como entre os maiores de 45 anos. No extremo oposto cómpre mencionar a redución da poboación ocupada no subsector comercial e na educación; entre as persoas empresarias con asalariados e persoas asalariadas no sector público; así como e entre as persoas de 35 a 44 anos. Por último, todo o emprego creado é emprego indefinido, salientando ao mesmo tempo o incremento do emprego a tempo completo, descendendo por contra o emprego a tempo parcial.

8. No que ao desemprego se refire, as taxas de paro reflicten que este segue a afectar en maior medida ás mulleres, persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudos primarios. Asemade cómpre mencionar o descenso do paro de longa duración de xeito máis acusado que o paro total (-9,1% e -2,5%, respectivamente).

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:

- . Contas económicas.
- . Mercado de Traballo.

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN 2530-318X

Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Facultade de CC. Empresariais e Turismo - Universidade de Vigo
Campus Universitario 32004
Xullo 2024

I- ANÁLISE DE CONTAS

FORTE AVANCE DO PIB EN GALICIA NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2024

A economía galega acelera o seu dinamismo no primeiro trimestre do ano ao presentar unha medra intertrimestral do 1,3%, seis décimas por riba da media española, e un punto superior á do conxunto de países da zona euro. En termos anuais, o PIB medra en Galicia un 2%, catro décimas inferior á media española, sendo esta porcentaxe novamente superior á estimada para o conxunto da Unión Europea (0,5%), que se ve lastrada pola contracción da economía alemá e a dos Países Baixos, e aos seus principais socios comerciais.

O crecemento agregado do PIB galego caracterízase por unha contribución positiva tanto da demanda externa como, en menor medida, da demanda interna (1,1 e 0,9 puntos, respectivamente), o que contrasta coa economía española onde a demanda interna contribúe con dous puntos fronte ás dúas décimas no caso da demanda externa. Dende o punto de vista da demanda, cómpre resaltar o dinamismo do gasto público, cunha medra interanual do 4,1%, o que contrasta coa debilidade do gasto das familias, cunha medra do 0,4%, dous puntos menos que en España, e a contracción por cuarto trimestre consecutivo do investimento en Galicia en contraposición coa medra en España (-1,3% vs 1,8%). No caso do sector exterior, aumentan lixeiramente as exportacións (0,4%) a tempo que as compras fóra de Galicia presentan unha contracción do 1,6%.

Dende o lado da oferta, o diferencial de crecemento do PIB con respecto á media española ven explicado non só pola contracción do sector primario do 4,6% (medra 0,4% en España), senón tamén polo menor dinamismo tanto no sector servizos e na construción (2,2% e 2,1%, respectivamente) como en maior medida na industria manufacturera, que medra tan só un 0,6% fronte ao 3,3% no conxunto do Estado. Cómpre insistir unha vez máis na moi reducida produtividade relativa da actividade manufacturera en relación ao conxunto de España.


ACTIVIDADE ECONÓMICA

A economía do conxunto de países da Unión Europea (UE-27) e da zona euro presentan no primeiro trimestre de 2024 unha medra interanual do 0,5% e 0,4%, respectivamente, dúas décimas por riba do estimado no trimestre anterior. Entre as principais economías da UE cómpre salientar en primeiro lugar que por terceiro trimestre consecutivo Alemaña presenta unha contracción do seu PIB en termos reais, manténdose esta caída no 0,2%. Ao mesmo tempo, en Países Baixos, quinta economía europea en termos de PIB, a actividade económica contráese por cuarto trimestre consecutivo, ascendendo a contracción no

primeiro trimestre de 2024 ata o 0,5%. Doutra banda, o PIB medra en España un 2,4%, tres décimas máis que no trimestre anterior, porcentaxe significativamente superior á estimada en Francia e Italia, cun incremento interanual do 1,3% e 0,7%, respectivamente. Por último, a economía portuguesa mantén a súa moderación no ritmo de crecemento da súa economía, presentando no primeiro trimestre do ano unha medra interanual do 1,5%.

En termos intertrimestrais, tan só Estonia está en recesión técnica, encadeando nove trimestres con taxas de variación negativa, saíndo da mesma Irlanda, Lituania e Finlandia. O conxunto de países da zona euro presentan unha

Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas. Taxas de variación interanual




Fonte: Eurostat e INE

medra do 0,3%, cando no ano anterior reducíase un 0,1%, salientando asema-
de que Alemaña presenta taxas de po-
sitivas (0,2%). Os datos publicados por
Eurostat reflicten que España presenta
o mellor comportamento entre as princi-
pais economías europeas, cunha medra
do 0,7% respecto ao derradeiro trimes-
tre do ano anterior, sendo este incre-

mento do 0,3% en Italia, e de 0,2% en
Francia, o que contrasta coa caída in-
tertrimestral do 0,1% en Países Baixos.
Portugal presenta un crecemento lixei-
ramente superior ao estimado para a
economía española, cunha medra do
0,8%.

A pesar das dificultades polas que
atravesa a economía alemá, o PIB real

Recuperación da actividade económica dende o inicio da crise económi- ca orixinada polo coronavirus



Fonte: Elaboración propia a partir de Eurostat, IGE, INE e organismos estatísticos das CC.AA.

da Unión europea e a dos países da
zona Euro atópase un 3,9% e 3,4% por
riba do nivel precrise, sendo esta por-
centaxe de tan só 0,3% no caso de Ale-


maña (tan só a República Checa e Fin-
landia, que aínda non acadaron o nivel
precrise presenta unha peor evolución).
O PIB de España supera en 3,7 puntos

porcentuais o nivel acadado no cuarto trimestre de 2019, sendo este diferencial de 6,3 puntos no caso de Portugal, 5,9 en Países Baixos e 4,6 puntos en Italia. Asemade, Francia presentaba un PIB superior en 3,3 puntos ao do último trimestre de 2019.

No devandito contexto europeo, a economía galega presenta por noveno

trimestre consecutivo taxas de variación interanuais inferiores á media española, ao contrario do que acontece en comparación coa economía europea, mantendo Galicia unha medra interanual do PIB superior ao longo dos últimos doce trimestres. No primeiro trimestre de 2024 Galicia rexistra un incremento interanual do 2,0%, catro décimas menos

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2019-2024. Taxas de variación interanual




Fonte: IGE e INE

que a rexistrada en España (2,4%). En termos intertrimestrais, a economía galega medra un 1,3%, seis décimas por riba do estimado para a economía española, a porcentaxe máis elevada dende o segundo trimestre de 2022 (1,6%).

Tras a devandita evolución, no primeiro trimestre de 2024 o PIB galego atópase un 5,8% por riba do nivel anterior

ao comezo da crise sanitaria superándoo nun 3,7% no caso da economía española. En termos comparados cómpre resaltar que transcorridos os mesmos trimestres dende o inicio da crise económica e financeira de 2008, o PIB galego situábase 8,7 puntos por baixo do nivel precrise, sendo este diferencial de 8,0 puntos no caso de España.

Evolución da actividade económica en Galicia e España dende o máximo previo á crise, 2008 e 2019



(1) A recuperación da actividade económica foi máis rápida no Estado, superando o nivel precrise no primeiro trimestre de 2018 (40 trimestres máis tarde) cando a economía española o superara no cuarto trimestre de 2016 (35 trimestres). O índice máis reducido acadouse en Galicia no derradeiro trimestre de 2012 (19 trimestres transcorridos) fronte ao primeiro trimestre de 2013 no caso de España (20 trimestres).

Fonte: IGE e INE


DEMANDA AGREGADA

No primeiro trimestre de 2024 tanto a demanda externa como a demanda interna presentan en Galicia e España unha achega positiva ao crecemento agregado do PIB, se ben existen diferenzas significativas entre as dúas economías. Dunha banda, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que a demanda interna aporta no último trimestre 0,9 puntos ao crecemento agregado do PIB, fronte ao 1,1% no

caso da demanda externa. En contraposición ao acontecido en Galicia, o crecemento da economía española ven explicada fundamentalmente pola achega da demanda interna, con dous puntos porcentuais, fronte a tan só dúas décimas no caso do sector exterior.

Entre os compoñentes da demanda interna tan só o gasto das administracións públicas presenta en Galicia un

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España



Fonte: IGE e INE

mellor comportamento que no conxunto de España no primeiro trimestre do ano. En concreto, o gasto público medra un 4,1% respecto ao ano anterior, porcentaxe que se sitúa no 3% na economía española. Por contra, o gasto privado medra en Galicia tan só un 0,4%, dous puntos menos na economía española (2,4%). Tras esta evolución, o gasto en consumo final presenta unha medra interanual do 1,4%, oito décimas por baixo do estimado en España. Ao igual que acontece co gasto en consumo final, o investimento en Galicia presenta unha evolución peor que na economía española; en concreto, fronte á contracción do 1,3% en Galicia, o investimento medra un 1,8% en España.

Atendendo á evolución destes compoñentes da demanda interna desde o inicio desta crise económica orixinada pola COVID, os datos dos cadros macroeconómicos reflicten que no primeiro trimestre do ano o investimento presenta tanto en Galicia como en España un nivel inferior aos estimado para o derradeiro trimestre de 2019. En concreto, 2,3% e 2,2% inferior, respectivamente. No que ao consumo se refire, o gasto privado atópase un 1,7% por riba do nivel precrise fronte a tan só tres décimas no conxunto do Estado, en tanto que o crecemento do gasto público é superior en España que en Galicia: 11,3% e 6,9%, respectivamente.

No que á demanda externa se refire, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que no primeiro trimestre de 2024 a demanda externa contribúe positivamente ao crecemento agregado do PIB con 1,1 puntos, influenciado por unha medra interanual das exportacións do 0,4% e por unha caída do 1,6% no caso das importacións. No conxunto de España, a devandita contribución de dúas décimas explícase por unha caída das importacións de bens e servizos superior á rexistrada polas exportacións: -1,7% e -1,1%, respectivamente. Atendendo á súa evolución dende o comezo da crise orixinada pola pandemia, tanto as exportacións como as importacións en España presentan un crecemento entre os dous trimestres considerados superior ao estimado en Galicia. Así, as exportacións medran en España un 10,4% fronte ao 7,1% en Galicia, en tanto que as importacións o fan nun 6,9% e 0,7%, respectivamente.

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total das exportacións galegas entre xaneiro e marzo de 2024 presenta unha caída do 1,1% respecto ao mesmo período do ano anterior, o que contrasta co incremento do 13,1% do ano anterior (19,1% en 2022). En termos nominais, as exportacións ascenderon no primeiro trimestre a 7.233,7 millóns de euros (83,8 millóns menos), importe tan só inferior ao rexistrado no ano anterior

Cadro macroeconómico de Galicia 2019-2024. Taxas de variación interanual.

	2019	2020	2021	2022	2023	2023/I	2023/II	2023/III	2023/IV	2024/I
	%									
Produto Interior Bruto	1,1	-8,9	7,6	4,1	1,8	3,2	1,6	0,9	1,8	2,0
Demanda										
Gasto en consumo final	-1,3	-7,9	6,7	2,1	1,1	0,3	1,2	1,7	1,3	1,4
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	-2,2	-11,9	8,7	4,5	0,5	0,5	0,4	0,6	0,5	0,4
AA. Públicas	1,4	3,8	2,0	-4,1	3,0	-0,2	3,4	5,1	3,6	4,1
Formación Bruta de Capital	3,9	-10,5	7,8	0,7	-0,7	0,5	-0,8	-2,2	-0,2	-1,3
Achega demanda interna ao PIB	-0,4	-8,2	6,8	1,8	0,8	0,3	0,8	1,0	1,0	0,9
Exportacións	-0,1	-4,5	11,3	0,4	1,5	5,9	1,5	-3,1	1,8	0,4
Importacións	-3,1	-3,3	10,2	-3,8	-0,3	1,0	0,3	-3,1	0,7	-1,6
Achega demanda externa ao PIB	1,5	-0,7	0,8	2,3	1,0	2,9	0,8	-0,1	0,8	1,1
Oferta										
Sector primario	6,3	-12,5	1,6	0,3	-0,9	1,1	2,6	-1,3	-5,9	-4,6
Industria	-7,0	-13,1	16,3	-1,5	2,5	7,1	1,2	-1,8	3,7	3,2
Industria manufactureira	-1,5	-13,7	16,6	-0,2	1,7	2,5	1,0	-0,3	3,5	0,6
Construción	2,1	-11,9	-4,4	-1,0	0,8	2,2	1,1	-0,6	0,5	2,1
Servizos	2,9	-6,9	7,4	6,3	2,3	2,8	1,9	2,0	2,3	2,2
Comercio, transporte e hostalería	0,3	-19,6	17,0	17,3	4,3	7,1	3,1	3,5	3,5	2,4
Información e comunicacións	9,7	0,7	2,6	11,8	-1,0	-4,2	-1,2	-0,8	2,1	10,2
Actividades financeiras e de seguros	0,9	5,1	1,5	-0,9	0,5	1,1	1,6	1,5	-2,0	0,3
Actividades inmobiliarias	1,4	1,1	0,7	1,0	1,4	1,1	1,3	1,5	1,6	1,2
Actividades profesionais	11,8	-1,3	10,2	3,0	2,3	1,0	2,0	3,4	2,9	3,2
Administración pública, sanidade e educación	2,6	0,3	3,2	0,3	0,7	0,3	0,5	0,9	0,9	2,4
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	6,2	-15,3	7,5	-0,9	4,0	5,3	5,2	0,5	5,1	-0,7


Fonte: IGE

ao longo de toda a serie considerada. Esta lixeira contracción ven motivada en boa medida polo comportamento experimentado polo sector téxtil-confección, que a pesar dunha caída do 3,5% (54,9 millóns de euros menos) se mantén como primeiro sector exportador. Asemade, a pesca presenta un descenso do 1,1% respecto ao primeiro trimestre do ano anterior, o que supón 79,6 millóns de euros menos. Por contra, as vendas do automóbil aumentan un 2,5% en relación ao ano anterior (33,4 millóns máis). Tras esta

evolución, entre xaneiro e marzo as exportacións galegas correspondentes ao sector téxtil-confección representan 21,1% do valor total, fronte ao 19,3% do sector do automóbil e motos. A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal ascende ata o 7,7%, seis décimas máis que no mesmo período do ano anterior (7,3% no primeiro trimestre de 2019), sendo este peso relativo do 53,4% no caso da pesca ou do 35,2% no téxtil (10% no sector do automóbil).

Atendendo á desagregación segundo

PIB real en Galicia e España no primeiro trimestre de 2024. Indicadores de oferta e demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: ICEX

destino das vendas galegas ao exterior cómpre mencionar o elevado grado de concentración no mercado comunitario, que acolle o 71% das exportacións, seis décimas máis que no ano anterior, dirixíndose ao resto do continente europeo un 8,9% das vendas exteriores.


África do norte, tras un incremento interanual do 31,8%, mantense como a terceira área comercial ao acoller o 7,4% das exportacións galegas, case dous puntos máis que no ano anterior (5,6%). Comparado co ano anterior, a devandita minoración das vendas ex-

plícase en boa medida polo comportamento das exportacións cara o continente asiático, cunha caída interanual do 40,1% (152,8 millóns menos), e cara América, cun descenso do 8,5% (46,8 millóns), principalmente ás illas do Caribe e América do norte (71,1% e 18,3% menos, respectivamente). Fronte a este descenso cómpre resaltar o devandito incremento das exportacións aos paí-

ses do norte de África, cunha medra do 31,8% (129,6 millóns de euros máis), así como as exportacións galegas aos países da UE-27, cunha medra do 1,1% (55,6 millóns de euros máis).

Francia mantense como o principal destino das exportacións galegas concentrando o 19,4% do total, case cinco puntos máis que no ano anterior. A continuación sitúanse novamente Portugal

Exportacións galegas do sector do automóbil, téxtil-confección e pesca 2008-2024. Datos acumulados ao I trimestre.




Fonte: ICEX

e Italia, cuxo peso relativo descende ata o 13,9% e 8,9%, respectivamente (14,3% e 10,9% no ano anterior). Entre os dez primeiros destinos dos produtos galegos sete son países da UE, situándose o Reino Unido en sexto lugar, ao acoller o 4,7% das exportacións (5,4% no ano anterior); Marrocos, na sétima

posición, cun 4,7% (5,1% en 2023); e Turquía no oitavo, cun 3,9% (3,3% no ano precedente).

No concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores económicos, cómpre resaltar en primeiro lugar o incremento do superávit rexistrado polo sector do automóbil impul-

Exportacións galegas 2023-24. Principais países e sectores económicos. Datos acumulados ao I trimestre



Fonte: ICEX

sado en grande parte tanto pola caída das importacións de fabricación de automóbiles e motos (-49%) aumentando por contra as exportacións un 2,6%. Tras esta evolución, o subsector de fabricación de automóbiles rexistra unha medra significativa do superávit, que se sitúa en 1.039,7 millóns de euros (17% superior), acadando as vendas de compoñentes de motor un saldo positivo de 24,9 millóns de euros, a metade do rexistrado no mesmo período do ano anterior (-50,9%). Por último, cómpre mencionar que o sector dos alimentos reduce o seu déficit nun 5,3% acadando os 258,9 millóns

de euros, aumentando o saldo negativo no subsector pesqueiro ata os 201,5 millóns (273,4 e 194,2 millóns en 2023). No sector têxtil o superávit desce ata os 709,6 millóns, o que supón unha redución do 20,8% respecto ao mesmo período do ano anterior.

Por último, na análise da demanda externa cómpre facer referencia á base exportadora, é dicir, ao número de empresas que venden os seus produtos fóra de España. Entre xaneiro e abril de 2024 exportan regularmente en Galicia un total de 2.474 empresas, un 2,2% máis que no ano anterior, o que supón o 61% das empresas exportadoras

(59,3% no conxunto do Estado). Estas empresas concentran case o 83% do valor total das exportacións galegas, nivel similar ao estimado no conxunto do ano 2023 (96,8% en España).

A devandita concentración xeográfica e sectorial apréciase tamén na base exportadora. Dunha banda, nos catro primeiros meses do ano as cinco primeiras empresas exportadoras concentran en Galicia o 31,1% das exportacións galegas, ascendendo esta porcentaxe ata o 38,6% no caso das dez primeiras empresas (29,8% e 37,5% no ano ante-

rior, respectivamente), sendo estes valores significativamente máis elevados que no conxunto de España (10,1% e 14,8%, respectivamente). A pesar do seu elevado nivel de concentración, estas porcentaxes son máis reducidas que as rexistradas tanto antes da crise orixinada pola pandemia (no conxunto do ano 2019 representan o 43,5% e 52,2%, respectivamente) como antes da crise económica e financeira de 2008 (as cinco primeiras empresas concentran o 47,9% das exportacións e as dez primeiras, o 53,9%).

AGREGADOS DA OFERTA

No primeiro trimestre de 2024 o crecemento do 1% do PIB ven explicado polo comportamento do sector industrial no seu conxunto, sector terciario e construción, o que contrasta coa acusada contracción experimentada polo sector primario. Por contra, na economía española os catro grandes sectores presentan taxas de variación interanuais positivas.

Dunha banda, o sector industrial galego no seu conxunto presenta un importante dinamismo da súa actividade, cunha medra interanual do 3,2%, sendo o único sector que presenta un mellor comportamento que no conxunto de España (2,3%). Con todo, é preocupante o desigual comportamento da industria manufacturera en Galicia e España, rexistrándose na C.A. un crecemento de tan só un 0,6% fronte ao incremento superior ao tres por cento no conxunto do Estado (3,3%).


Doutra banda, o crecemento do valor engadido bruto xerado polo sector servizos foi do 2,2%, catro décimas menos que no conxunto de España. Entre as distintas ramas de actividade, cómpre resaltar que tanto o conxunto de actividades de comercio, transporte e hostalería como o de actividades profesionais medran en Galicia por riba do estimado en España; en concreto, as primeiras medran un 2,4% e as actividades profesionais un 3,2%, cando na economía

española medran un 2,3% e un 2,4%. Por contra, o diferencial de crecemento do veb xerado polo sector terciario respecto a España ven motivado pola evolución das actividades da Administración pública, sanidade e educación, cunha medra do 2,4% en Galicia, punto e medio menos que en España; as actividades financeiras e de seguros, cunha medra interanual en Galicia do 0,3% fronte ao 3,5% no conxunto do Estado; e polo comportamento das actividades artísticas, recreativas e outros servizos, que no primeiro trimestre de 2024 rexistran unha contracción do 0,7% na economía galega fronte ao crecemento do 3,4% no conxunto do Estado.

Do mesmo xeito, o valor engadido bruto xerado na construción medra un 2,1% respecto ao ano anterior, punto e medio menos que na economía española. No concernente ao sector primario, por terceiro trimestre consecutivo o valor engadido bruto presenta unha contracción da súa actividade, situándose no primeiro trimestre de 2024 no 4,6%, o que contrasta coo incremento do 0,4% no conxunto do Estado.

Transcorridos catro anos dende o comezo da crise económica orixinada pola pandemia, tanto o sector primario como a construción presentan tanto en Galicia como en España niveis inferiores aos estimados no cuarto trimestre de 2019. A recuperación da actividade económica

Evolución da actividade económica IV trimestre 2019 -I trimestre 2024 en Galicia e España. Distribución segundo ramas de actividade



Fonte: IGE e INE

máis intensa na Comunidade autónoma que no conxunto do Estado ven explicada polo comportamento do sector servizos e polas actividades extractivas e enerxéticas. En termos reais, o veb xerado polo sector terciario en Galicia é un 9,7% superior ao estimado para o derradeiro trimestre de 2019, case tres puntos e medio por riba do estimado en España. Entre as distintas actividades do sector terciario cómpre resaltar que o veb das actividades de comercio, transporte e hostalería é un 17,7% superior, e o xerado polas actividades profesionais e

pola administración pública, sanidade e educación un 13,2% e 5,8%, respectivamente; o que contrasta co subsector de actividades artísticas, recreativas e outros servizos, que se sitúa un 8,7% por baixo do nivel precrise. No conxunto do Estado a recuperación das actividades comerciais, transporte e hostalería se sitúa nun 6% por riba de cuarto trimestre de 2019, case doce puntos por baixo do estimado en Galicia; sendo inferior á caída da produción nas actividades artísticas, recreativas e outros servizos, cuxo veb é un 2,2% inferior.

Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

No que á industria se refire, o conxunto do sector industrial, incluídas as actividades extractivas e o sector enerxético presenta unha medra do 7,6% entre os dous trimestres considerados, en tanto que no conxunto do Estado este incremento é de tan só seis décimas. Este comportamento contrasta coa evolución da industria manufacturera, cun incremento en Galicia inferior ao estimado na economía española: 4% e 7%, respectivamente. Por contra, o veb xerado

polo sector da construción en Galicia é un 13,3% inferior ao estimado no cuarto trimestre de 2019, máis de cinco puntos superior á rexistrada en España (8%); e o sector primario presenta unha maior caída en España que en Galicia, cun 13,8% e 13%, respectivamente.

No que á estrutura produtiva se refire cómpre resaltar o incremento do peso relativo do subsector de comercio, transporte e hostalería, que no primeiro trimestre do ano concentra o 25,6% do

veb galego, cinco décimas por riba do estimado no ano anterior (23% no mesmo período de 2019). A importancia relativa da administración pública, sanidade e educación aumenta ata o 18,4%, tres décimas máis que no ano precedente, o que supón un nivel similar ao estimado no primeiro trimestre de 2019.

Asemade, cómpre resaltar o paulatino descenso do peso da industria manufactureira, que se sitúa no 12,4% no primeiro trimestre do ano, dúas décimas

menos que no ano anterior, e lonxe do 14,1% acadado na mesma data de 2008 (12,8% en 2019). A importancia relativa do sector da construción aumenta ata o 6,2%, unha décima máis que no ano precedente, porcentaxe que se sitúa lonxe do estimado en 2019 e sobre todo 2008 (7,5% e 11,7%, respectivamente). Por último, o sector primario representa o 4,5% do valor engadido xerado pola economía galega, seis décimas inferior ao estimado no ano anterior.

PRODUTIVIDADE DO FACTOR TRABALLO

Por último, cómpre facer referencia á evolución da produtividade da economía galega entendida como a cantidade producida por unha economía tanto en termos das horas traballadas como dos postos de traballo equivalentes a tempo completo. O devandito incremento interanual do PIB en termos reais do 2% no primeiro trimestre do ano trasládase ao mercado de traballo quen presenta unha medra inferior tanto do número de horas (1,7%) como de postos de traballo equivalente (1,5%).

Tras esta evolución, Galicia presenta unha mellora de competitividade real

en ambos os dous casos, situándose no 0,5% se se mide en termos de horas efectivamente traballadas e no 0,3% en relación aos postos de traballo equivalente a tempo completo. No conxunto de España, a competitividade medida en tempo de postos de traballo equivalente redúcese un 1%, mellorando por contra no caso das horas traballadas (1,1%).

Se se considera o PIB en termos monetarios, a produtividade aparente do factor traballo en Galicia segue a ser inferior á da economía española tanto en termos de horas de traballo como

Produtividade aparente do factor traballo primeiro trimestre de 2024. Taxas de variación interanual

HORAS EFECTIVAMENTE TRABALLADAS



	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	2,0%	1,5%	0,5%	2,4%	1,3%	1,1%
Sector primario	-4,6%	-1,7%	-2,9%	0,4%	-7,1%	7,5%
Industria	3,2%	2,1%	1,1%	2,3%	-1,3%	3,6%
Industria manufactureira	0,6%	-1,2%	1,8%	3,3%	-2,0%	5,3%
Construción	2,1%	0,2%	1,9%	3,6%	3,2%	0,4%
Servizos	2,2%	1,9%	0,3%	2,6%	2,0%	0,6%

POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTE A TEMPO COMPLETO

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	2,0%	1,7%	0,3%	2,4%	3,4%	-1,0%
Sector primario	-4,6%	4,3%	-8,9%	0,4%	-1,9%	2,3%
Industria	3,2%	1,4%	1,8%	2,3%	0,4%	1,9%
Industria manufactureira	0,6%	1,3%	-0,7%	3,3%	-0,2%	3,5%
Construción	2,1%	0,7%	1,4%	3,6%	6,5%	-2,9%
Servizos	2,2%	1,6%	0,6%	2,6%	3,7%	-1,1%

Fonte: IGE e INE

Evolución da produtividade aparente do factor traballo en Galicia. Distribución segundo sexo (España = 100)



Fonte: IGE e INE

en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo. En concreto, sitúase un 6,5% por baixo se se mide en relación ao número de horas traballadas e tan só 1,4% por baixo en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo. Con todo, como se reflicte no último gráfico, en ambos os dous casos o diferencial redúcese significativamente con respecto á media española en relación aos anos 2008 e 2019.

Atendendo á distribución segundo sector de actividade cómpre insistir novamente na reducida produtividade das actividades manufactureiras galegas en comparación co conxunto do Estado, así como a súa tendencia descendente. No primeiro trimestre de 2024 supoñía o 72,1% da media estatal medida en termos de traballo equivalente a tempo completo e un 73,6% no caso das horas traballadas, que son, con carácter xeral, as porcentaxes máis reducidas dende o ano 2008 (tan só en 2013 a

produtividade aparente presenta valores inferiores en ambos os dous casos, ao representar o 69,2% e 70,3%, respectivamente; e en 2012 no caso das horas traballadas, cun 73%).

Fronte á devandita situación, o sector da construción presentan unha produtividade aparente superior á media estatal tanto se se mide en termos de horas traballadas (6,8%) como se se fai en relación aos postos de traballo equivalente a tempo completo (0,5%). No caso do sector servizos, a produtividade aparente é superior no caso dos postos de traballo equivalente (4,8%) a diferenza do que acontece se se mide en termos de horas traballadas (1% por baixo). Por último, as actividades do sector primario presentan unha produtividade aparente inferior á media española en ambos os dous casos, situándose un 15,4% por baixo da media estatal en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo e un 20,8% en relación ás horas traballadas.

O MERCADO DE TRABALLO GALEGO NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2024.

A pesar da ralentización da actividade económica, o mercado de traballo presenta datos agregados positivos atendendo aos niveis de ocupación e a redución do desemprego. Ao igual que en trimestres anteriores, mellora tanto da participación das persoas no mercado laboral como na ocupación, reducíndose ademais a taxa de paro. Con todo, Galicia segue a ser unha das CC.AA. coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas, mantendo o mercado laboral no conxunto de España un maior dinamismo que en Galicia, onde tan só as horas traballadas presentan un crecemento superior.

Tras unha medra interanual do 2% do PIB, a poboación ocupada aumenta en Galicia un 2,2% fronte ao 1,9% das afiliacións rexistradas, en tanto que as contas económicas amosan unha medra do 1,7% dos postos de traballo equivalente a tempo completo e do 1,5% no caso das horas traballadas. A diferenza do que acontece en Galicia, en España tan só as horas traballadas presentan un incremento interanual inferior ao crecemento do PIB

Entre os aspectos positivos salienta o mantemento dunha tendencia crecente da poboación activa (por primeira vez en tres anos non presenta unha evolución inferior á media española), así como a evolución da ocupación, de feito que o emprego asalariado creado é emprego indefinido e no sector privado; creándose emprego en todos os sectores, e en maior medida na industria por mor do comportamento da industria manufactureira. No que ao desemprego se refire, o descenso ven motivado en boa medida pola redución das persoas que levan máis dun ano nesa situación (-9,1%), sendo o seu peso relativo o máis reducido nun primeiro trimestre dende 2009. Con todo, o mercado de traballo galego presenta unha ralentización importante no seu descenso, cunha caída do 2,5%.

Unha primeira aproximación global á situación do mercado de traballo en Galicia ten de realizarse a partir dos indicadores básicos do mercado laboral e a súa comparación co resto das CC.AA.: taxas de actividade, ocupación, paro e taxa de

temporalidade. Un trimestre máis Galicia mantense entre as Comunidades autónomas coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas, situándose nunha posición intermedia no caso da taxa de paro e como a quinta coa temporalidade máis reducida.

No concernente á taxa de actividade, a participación laboral dos galegos mantense no último trimestre en case cinco puntos e medio por baixo do estimado no conxunto do Estado. Este indicador ascende ata o 53,2% no primeiro trimestre (58,6% en España), porcentaxe que mantén a Galicia como a segunda C.A. coa taxa máis reducida tras Asturias, cun 50,8%. A taxa de actividade feminina é notablemente inferior á masculina, con valores do 49,3% e 57,5%, respectivamente, o que supón un diferencial de 8,2 puntos porcentuais (7,7 puntos no anterior). No conxunto do Estado, o diferencial mantense por riba do existente en Galicia (9,9 puntos), aumentando a taxa de actividade feminina ata o 53,8% e a masculina ata o 63,7%.

No que á taxa de ocupación se refire, a

relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos ascende en Galicia ata o 47,6%, situándose o diferencial con respecto á media estatal en 3,8 puntos fronte aos 3,7 do ano anterior (en España ascende ata o 51,4%). Esta porcentaxe mantén a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Extremadura (44,9%), Asturias (45,0%) e Andalucía (46,5%).

Ao igual que acontece coa taxa de actividade, a participación das mulleres é significativamente máis reducida á dos homes, sendo o diferencial en Galicia novamente inferior ao estimado no conxunto do Estado. Entre os homes a taxa de emprego sitúase no 51,7%, a terceira máis baixa tras Andalucía e Extremadura, fronte ao 43,9% no caso das mulleres, o que implica un

Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade I trimestre 2024

	Galicia	España	Mellores CC.AA.	Peores CC.AA.
Taxa de actividade	53,2%	58,6%	Madrid (63,3%) Cataluña (61,7%) Balears (61,5%) Canarias (60,2%)	Asturias (50,8%) Galicia (53,2%) Castela e León (53,7%) Extremadura (54,5%)
Taxa de ocupación	47,6%	51,4%	Madrid (57,5%) Cataluña (55,9%) Aragón (53,8%) Navarra (53,6%)	Extremadura (44,9%) Asturias (45,0%) Andalucía (46,5%) Galicia (47,6%)
Taxa de paro	10,5%	12,3%	Cantabria (7,5%) Aragón (8,0%) País Vasco (8,5%) Navarra (8,8%)	Andalucía (17,8%) Extremadura (17,6%) Balears (15,5%) Castela A Mancha (15,0%)
Taxa de temporalidade	15,3%	15,7%	Madrid (11,3%) Balears (11,9%) Cataluña (12,1%) A Ríoxa (15,0%)	Extremadura (21,8%) Andalucía (20,6%) País Vasco (20,4%) Asturias (18,3%)

Fonte: INE

diferencial de 7,8 puntos, fronte aos 10,3 puntos en España (56,7% e 46,4%, respectivamente).

A taxa de paro galega descende no último trimestre ata o 10,5%, case dous puntos inferior á media estatal (12,3%),

valor que sitúa a Galicia como a oitava C.A con menor desemprego. A taxa feminina é superior á masculina en todas as CC.AA. agás en Navarra e Madrid, situándose en Galicia no 10,9% e 10%, respectivamente, fronte aos 13,7% e 11% en España.

Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2022-2024

miles de persoas	2022				2023				2024
	I	II	III	IV	I	II	III	IV	I
Poboación maior de 16 anos	2.344,4	2.347,5	2.351,2	2.353,3	2.353,6	2.356,6	2.360,6	2.364,4	2.368,0
Poboación activa	1.233,5	1.242,7	1.249,2	1.236,4	1.238,3	1.248,9	1.262,0	1.250,8	1.259,3
25 - 34 anos	209,1	211,4	209,3	206,3	208,3	212,2	214,9	209,7	213,3
Poboación ocupada	1.092,3	1.104,1	1.113,0	1.104,8	1.103,3	1.131,7	1.143,3	1.135,9	1.127,7
Conta propia	201,9	210,1	206,7	208,3	209,6	208,5	206,1	215,6	208,5
Conta allea	889,8	893,8	905,8	896,5	893,5	922,9	937,2	920,3	919,2
Outra situación	0,5	0,2	0,5		0,2	0,4			
Poboación parada	141,2	138,6	136,2	131,6	135,0	117,2	118,7	114,9	131,6
Parado longa duración	56,1	52,7	49,9	47,2	47,4	41,0	40,9	42,0	43,1
Poboación inactiva	1.111,0	1.104,7	1.102,0	1.116,8	1.115,3	1.107,7	1.098,6	1.113,6	1.108,7
Taxa de actividade	52,6%	52,9%	53,1%	52,5%	52,6%	53,0%	53,5%	52,9%	53,2%
Taxa de ocupación	46,6%	47,0%	47,3%	46,9%	46,9%	48,0%	48,4%	48,0%	47,6%
Taxa de paro	11,4%	11,2%	10,9%	10,6%	10,9%	9,4%	9,4%	9,2%	10,5%
Taxa de temporalidade	22,5%	20,1%	18,9%	16,6%	16,4%	15,7%	17,6%	117,6%	15,3%
Afiliacións (media trimestral)	1.023,8	1.038,8	1.045,1	1.039,8	1.035,0	1.056,7	1.069,3	1.059,4	1.055,0
Paro rexistrado (media trimestral)	153,9	145,9	142,0	142,9	143,7	134,3	128,6	131,3	130,2


Fonte: IGE

POBOACIÓN ACTIVA

A poboación activa continúa a tendencia crecente dos últimos trimestres, encadeando doce trimestre con taxas de variación interanual positivas. No primeiro trimestre de 2024 Galicia conta con 1.259.300 persoas activas, 21.100 persoas máis que no ano precedente, o que supón unha medra interanual do 1,7%, a porcentaxe máis elevada dende o segundo trimestre de 2021. Asemade, por

primeira vez neses tres anos, este incremento non é inferior ao do conxunto do Estado, que presenta un ritmo similar: 1,7%. Ao igual que nos dous trimestres anteriores, o devandito incremento ven explicado por unha medra interanual tanto no caso das mulleres como, en maior medida, dos homes, o que contrasta co descenso estimado entre os homes no segundo semestre de 2022 e primeiro de 2023. En concreto, no último trimestre Galicia conta con 11.500 homes activos máis que no ano anterior (1,8%), fronte

Poboación activa, ocupada e parada 2022-24: distribución segundo sexos



Fonte: IGE.


a 9.600 mulleres activas máis (1,6%). No conxunto do España a poboación activa medra en ambos os dous casos por décimo trimestre consecutivo, situándose as taxas de variación interanual no último trimestre no 1,4% entre as mulleres e no 1,9% no caso dos homes.

Xunto ao devandito incremento da poboación activa cómpre mencionar novamente o acusado incremento entre as persoas maiores de 55 anos e a poboación máis nova, así como entre as persoas con estudos primarios ou menos e con estudos superiores rematados, así como entre as persoas de nacionalidade estranxeira. Dunha banda, a poboación activa entre as persoas con menor nivel formativo medra un 9,9% (3.400 persoas máis) e entre aqueles con estudos superiores, un 3,2% (17.900 persoas activas máis). Doutra banda, o número de activos maiores de 55 anos medra un 10,9%, o que significa un total de 13.900 persoas

máis, sendo esta porcentaxe do 5,1% entre aquelas persoas menores de 25 anos (6.100 persoas). Por último, a poboación activa de nacionalidade estranxeira medra un 9,7% respecto ao ano anterior (8.200 persoas máis), e por terceiro trimestre consecutivo aumenta a poboación española; en concreto, un 1,1% (12.900 persoas). Mención especial merece o incremento interanual por cuarto trimestre consecutivo da poboación activa de 25-34 anos, cunha medra do 2,4% (5.000 persoas), cando no mesmo período de 2023 descendera un 0,4%.

Fronte a este incremento, cómpre resaltar o descenso da poboación activa entre as persoas con idades comprendidas entre 35 e 44 anos, que no primeiro trimestre de 2024 foi do 3,5% respecto ao ano anterior (11.400 persoas menos), así como entre as persoas con estudos de ESO primeira etapa con 4.900 activos menos (-1,4%).

Poboación activa no primeiro trimestre de 2024. Variación interanual



Fonte: IGE.

OCUPACIÓN

A desaceleración no ritmo de crecemento da economía galega no primeiro trimestre do ano non se traslada ao mercado de traballo tendo en conta que os catro indicadores da ocupación considerados presentan un maior dinamismo que no mesmo período do ano anterior. Con todo, cómpre destacar que todos presentan unha taxa de variación interanual inferior ao rexistrado polo PIB (2%) agás a poboación ocupada estimada pola EPA. Dunha banda, a poboación ocupada medra un 2,2% respecto ao ano precedente, máis dun punto superior ao estimado no mesmo período do ano anterior. Doutra banda, as afiliacións presentan un incremento interanual do 1,9%, o que supón oito décimas máis que o rexistrado no mesmo período de 2023. Asemade, as contas económicas reflicten que o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo medran un 1,7% fronte o 1,6% rexistrado no ano anterior; sendo este incremento interanual do 1,5% no caso das horas traballadas, cando no ano anterior aumentaran un 0,5%. O mercado laboral en España presenta con carácter xeral un mellor comportamento que en Galicia, aumentando un 3,4% o número de postos de traballo equivalente a tempo completo, un 3% a poboación ocupada e un 2,7% no caso das afiliacións (as horas traballadas aumentan un 1,3%, dúas décimas menos que en Galicia).

No concernente ao número medio de **afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social** en Galicia no primeiro trimestre ascende a 1.054.973 persoas afiliadas, o que supón 4.447 afiliacións máis que no ano anterior. En termos relativos as afiliacións medran en Galicia un 1,9%, oito décimas menos que o rexistrado en España. Atendendo á distribución segundo sexos, tanto en Galicia como no conxunto do Estado este incremento afecta en maior medida ao emprego feminino, situándose na Comunidade autónoma a taxa de variación interanual no 2,3% (11.578 afiliacións máis) fronte ao 1,6% entre os homes (8.395 afiliacións). Esta medra é máis intensa en España en ambos os dous casos: 3,3% e 2,3%, respectivamente.

No que se refire á análise da **poboación ocupada**, tras unha medra interanual do 2,2% Galicia conta con 1.127.700 persoas ocupadas, o que supón 24.400 máis que no ano anterior. Así, a taxa de ocupación ascende ata o 47,6%, porcentaxe que a mantén como a cuarta Comunidade Autónoma coa taxa de emprego máis reducida, situándose no conxunto do Estado esta porcentaxe no 51,4%.

Ao igual que o acontecido nos tres trimestres anteriores, o devandito incremento interanual da ocupación en Galicia prodúcese tanto entre as mulleres como entre os homes, se ben o emprego feminino presenta esta vez un maior dinamismo tanto en termos absolutos como relativos. A poboación

ocupada medra en 13.600 ocupados entre as mulleres (2,6%) e en 10.800 persoas entre os homes (1,9%). O mercado laboral español presenta un maior dinamismo que o galego tanto entre homes como mulleres, estimándose unha medra interanual do 2,7% e

3,3%, respectivamente.

Centrándose na análise das cifras totais da ocupación estimadas pola EPA, ademais do devandito maior dinamismo na creación de emprego entre as mulleres, con carácter xeral pode afirmarse que o incremento do emprego

Poboación ocupada en Galicia I trimestre 2024: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, idade e nivel de formación acadado

	Galicia (en miles de persoas)			Galicia/España (%)			Galicia 24/23 (%)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.127,7	582,9	544,8	5,3	5,1	5,5	2,2	1,9	2,6
Sectores económicos									
Sector primario	74,9	49,7	25,2	9,8	8,8	12,4	7,9	6,9	10,0
Industria	173,8	125,7	48,1	6,2	6,1	6,2	7,5	13,8	-6,1
Construción	80,4	73,4	6,9	5,7	5,7	5,6	3,6	1,9	25,5
Servizos	798,7	334,1	464,6	4,9	4,5	5,3	0,5	-2,6	2,9
Situación profesional									
Traballadores por conta propia	208,5	123,1	85,4	6,6	6,0	7,5	-0,5	-0,5	-0,6
Empregador	63,0	39,9	23,1	6,5	5,9	7,7	-5,0	-3,4	-7,2
Empresarios sen asalariados	142,4	81,3	61,2	6,7	6,1	7,7	2,4	1,9	3,4
Membros cooperativas	0,6	0,4	0,2	2,1	2,1	2,1	-60,0	-55,6	-66,7
Axuda na empresa ou negocio familiar	2,5	1,5	0,9	4,2	5,7	2,8	-10,7	-6,3	-18,2
Asalariados	919,2	459,8	459,5	5,1	4,9	5,3	2,9	2,6	3,2
Sector público	189,7	75,3	114,4	5,3	5,0	5,6	-2,8	-6,3	-0,3
Sector privado	729,5	384,4	345,0	5,0	4,9	5,2	4,5	4,5	4,4
Grupos de idade									
16-19 anos	4,4	3,1	1,3	2,6	3,1	2,0	51,7	121,4	-13,3
20-24 anos	40,2	23,3	16,9	3,8	4,1	3,5	8,4	17,7	-1,7
25-34 anos	181,9	91,3	90,6	4,5	4,3	4,7	0,6	-3,5	5,0
35-44 anos	289,4	148,2	141,2	5,5	5,2	5,7	-1,6	-3,5	0,4
45-54 anos	351,6	182,7	168,9	5,7	5,5	5,9	3,4	3,8	3,0
55 e máis anos	260,3	134,3	126,0	5,8	5,5	6,2	4,9	6,1	3,6
Nivel de formación acadado (1)									
Analfabetos e Estudos primarios incompletos	1,0	0,3	0,8	0,5	0,2	1,2	-60,0	-82,4	-
Educación primaria	27,5	19,2	8,2	3,6	3,9	3,1	25,0	38,1	2,5
Ed. secundaria. Primeira etapa ou similar	300,6	180,0	120,6	5,6	5,4	6,0	-0,6	-1,0	-
Ed. secundaria. Segunda etapa, orientación xeral	136,0	72,6	63,4	4,9	4,9	4,9	2,7	-4,0	11,4
Ed. secundaria. Segunda etapa, orientación profesional	135,1	73,7	61,5	6,1	6,0	6,1	2,0	1,9	2,3
Educación superior	527,5	237,1	290,3	5,3	5,0	5,6	3,1	4,6	1,9

(1) Educación primaria inclúe estudos primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado
Fonte: INE, EPA

prodúcese en maior medida no sector industrial, fundamentalmente na industria manufactureira, e no ámbito da hostalería; entre as persoas traballadoras por conta allea no ámbito privado; entre os posúen estudos superiores; así como entre os maiores de 45 anos. No extremo oposto cómpre mencionar a redución da poboación ocupada no subsector comercial e na educación; entre as persoas empresarias con asalariados e persoas asalariadas no sector público; así como e entre as persoas de 35 a 44 anos.

Atendendo á situación profesional

dos ocupados, o devandito incremento da ocupación explícase tan só polo incremento das persoas traballadoras por conta allea (25.700 persoas máis) o que contrasta co descenso do emprego por conta propia (1.100 menos), rexistrándose este mesmo comportamento tanto entre os homes como entre as mulleres. Dunha banda, no que ao emprego asalariado se refire, a ocupación feminina presenta un maior dinamismo que o estimado para os homes, ao medrar un 3,2% respecto ao mesmo período do ano anterior (14.200 mulleres máis), seis décimas

Poboación ocupada en Galicia I trimestre 2024: distribución segundo sexo e ramas de actividade

	2023 (en miles de persoas)			2024 (en miles de persoas)			24/23 (taxa variación interanual)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.103,3	572,1	531,2	1.127,7	582,9	544,8	2,2%	1,9%	2,6%
Sector Primario	69,4	46,5	22,9	74,9	49,7	25,2	7,9%	6,9%	10,0%
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	52,3	32,6	19,7	53,1	32,9	20,2	1,5%	0,9%	2,5%
Pesca e acuicultura	17,1	13,9	3,2	21,8	16,8	5,0	27,5%	20,9%	56,3%
Industria	161,6	110,5	51,2	173,8	125,7	48,1	7,5%	13,8%	-6,1%
Industrias extractivas	3,9	2,9	1,0	4,8	4,4	0,4	23,1%	51,7%	-60,0%
Industria manufactureira	151,5	102,5	49,0	159,7	114,3	45,4	5,4%	11,5%	-7,3%
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	6,1	5,0	1,2	9,3	7,0	2,3	52,5%	40,0%	91,7%
Construción	77,6	72,0	5,5	80,4	73,4	6,9	3,6%	1,9%	25,5%
Servizos	794,7	343,1	451,6	798,7	334,1	464,6	0,5%	-2,6%	2,9%
Comercio por xunto e ao retalho; reparación vehículos motor e motocicletas	170,9	78,1	92,8	168,0	80,5	87,5	-1,7%	3,1%	-5,7%
Transporte e almacenamento	54,6	42,4	12,2	56,5	40,3	16,3	3,5%	-5,0%	33,6%
Hostalaría	70,1	30,3	39,7	76,4	28,0	48,4	9,0%	-7,6%	21,9%
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	166,0	84,4	81,6	169,3	84,1	85,3	2,0%	-0,4%	4,5%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	63,4	37,4	26,1	63,5	35,3	28,2	0,2%	-5,6%	8,0%
Educación	82,9	26,7	56,2	80,4	24,2	56,2	-3,0%	-9,4%	0,0%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	106,4	20,6	85,8	108,5	21,0	87,5	2,0%	1,9%	2,0%
Resto de servizos	80,4	23,1	57,3	76,0	20,8	55,2	-5,5%	-10,0%	-3,7%

Fonte: IGE

superior ao experimentado entre os homes (2,6%; 11.600 persoas). O devandito incremento asalariado prodúcese tan só no sector privado, onde o emprego entre os homes medra en maior medida que entre as mulleres; en concreto, Galicia conta con 16.000 homes asalariados máis (4,5%) no sector privado e 14.500 mulleres máis (4,4%). Fronte a este incremento, o emprego no sector público redúcese en 5.500 persoas (2,8%), sendo esta caída de 5.100 persoas entre os homes (-6,3%) e as restantes 400 entre as mulleres (-0,3%).


Doutra banda, a ocupación por conta propia presenta no primeiro trimestre de 2024 un lixeiro descenso tanto entre homes como entre as mulleres. Dunha banda, esta redución ven motivada pola destrución de emprego entre as persoas empresarias con asalariadas (3.300 persoas menos; -5%) e entre os membros de cooperativas e axudas en empresas familiares (1.200 persoas menos; -27,9%), rexistrándose esta caída tanto entre homes como en maior medida entre as mulleres. No extremo oposto, o primeiro trimestre de 2024 presenta unha medra do número persoas empresarias do 2,4% respecto ao ano anterior, o que supón 3.500 persoas máis. Este incremento é máis intenso entre as mulleres, aumentando o número de empresarias autónomas (sen persoas empregadas)

nun 3,4% (2.000 persoas máis) fronte ao 1,5% entre os homes (1.500 persoas máis).

No que atinxe á distribución sectorial, sete de cada dez persoas ocupadas en Galicia no primeiro trimestre de 2024 o están no sector servizos (798.700 persoas; o 70,8%), representando o conxunto das ramas manufactureiras o 14,2% (159.700 persoas ocupadas). O sector da construción concentran o 7,1% da poboación ocupada total en Galicia (80.400 persoas) e as actividades do sector primario o 6,6% (74.900 persoas). No ámbito do sector servizos a actividade que concentra o maior número de ocupados a pesar do seu descenso é a de comercio, cun 14,9% da poboación ocupada, por diante das actividades sanitarias e de servizos sociais, cun 9,6%; a educación, co 7,1%; e a hostalería, cun 7,3%.

Se se compara esta estrutura coa existente no mesmo trimestre de 2019, cómpre resaltar o desigual comportamento entre sectores ou ramas de actividade, salientando dunha banda o incremento en máis dun punto do peso relativo do sector da construción, e de sete décimas no caso da educación. Por contra, a importancia relativa da actividade comercial redúcese en 1,2 puntos, sendo esta caída de medio punto no caso da hostalería e da industria manufactureira.

Estrutura da ocupación en Galicia I trimestre de 2019 e 2024. Peso relativo sobre a poboación ocupada total



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

CALIDADE DO EMPREGO

Todo o emprego por conta allea creado no primeiro trimestre do ano, tanto en Galicia como en España, é emprego indefinido. Entre xaneiro e marzo o incremento do 2,9% do emprego asalariado en Galicia (25.700 persoas) ven como resultado dunha medra do 4,4% das persoas asalariadas con contrato indefinido (32.600 persoas) que supera o descenso do 4,7% entre aquelas persoas con contrato temporal (6.900 persoas menos). Esta mesma tendencia rexístrase no conxunto do Estado, se ben este comportamento é máis acusado que en Galicia. En concreto, o emprego asalariado con contrato indefinido medra un 5,7% respecto ao ano anterior, descendendo un 7,2% o emprego temporal.

A análise da desagregación segundo sexo reflicte que no primeiro trimestre do ano dinamismo do emprego indefinido presenta unha intensidade lixeiramente superior entre homes que entre as mulleres. En concreto, o emprego indefinido entre as mulleres medra un 4,1% respecto ao ano anterior (14.700 persoas), cinco décimas por baixo do rexistrado entre os homes (4,6%; 17.900 persoas). No conxunto de España o emprego indefinido presenta un crecemento superior ao estimado en Galicia en ambos os dous casos, situándose as taxas de variación interanual no 5,3% entre os homes e no 6% entre as mulleres. No concernente ao emprego temporal, Galicia expe-

rimenta un descenso entre os homes significativamente superior ao das mulleres, cunha caída interanual do 10,5% (6.300 persoas menos), estimándose por contra unha caída da ocupación feminina temporal do 0,6% (500 mulleres menos). Ao igual que en Galicia, o mercado laboral en España presenta unha caída dos contratos temporais tanto no caso das mulleres como en maior medida dos homes, situándose estas porcentaxes no 6,4% e 8,2%, respectivamente.

Tras esta evolución, a taxa de temporalidade descende ata o 15,3%, catro décimas inferior á rexistrada no conxunto de España, porcentaxe que sitúa a Galicia como a quinta C.A. coa taxa máis reducida tras Madrid, Baleares, Cataluña e A Ríoxa. Comparado co ano anterior, fronte ao descenso de 1,2 puntos experimentado en Galicia, no conxunto do Estado a taxa de temporalidade descende en case dous puntos (16,5% e 17,5% no primeiro trimestre de 2023). Atendendo a este indicador, a calidade de emprego feminino é sensiblemente inferior á masculina dado que a taxa de temporalidade entre as mulleres se sitúa en Galicia no 18,9% fronte ao 11,6% no caso dos homes. Do mesmo xeito, no conxunto de España a temporalidade oscila entre o 18,2% no caso das mulleres e o 13,4% no dos homes. A pesar da devandita redución, cómpre resaltar o incremento do diferencial existente en Galicia, que se sitúa en 7,3 puntos, uno máis que no ano precedente, o

que contrasta co lixeiro descenso no conxunto de España (4,8% e 5%, respectivamente).

O devandito descenso das persoas asalariadas cunha contratación temporal prodúcese en Galicia tanto no ámbito privado, cunha caída interanual do 3,6% (3.000 persoas menos), como no sector público (-5,8%; 3.700 persoas menos). Ao igual que acontece en Galicia, no conxunto de España o descenso prodúcese en ambos os dous casos, sendo do 4,8% no sector público e do 8,6% no privado. Deste xeito, a taxa de temporalidade no ámbito público aumenta ata o 31,4%, máis de vinte puntos por riba do estimado para o sector privado (11,1%), situándose no conxunto do Estado en 29,5% e 12,3%, respectivamente.

Por último cómpre facer referencia á ocupación segundo tipo de xornada. Dunha banda, o emprego a tempo completo presenta un crecemento do 2,7% respecto ao ano anterior, o que supón 25.500 persoas ocupadas máis. Doutra banda, a ocupación a xornada a tempo parcial descende un 0,6% respecto ao primeiro trimestre do ano anterior (1.000 persoas menos). Por contra, no conxunto do Estado medran tanto unha como a outra, presentando a ocupación a xornada a tempo parcial

un maior dinamismo que a xornada a tempo completo, situándose as taxas de variación interanual no 4,1% e 2,8%, respectivamente.

A análise da desagregación segundo sexo reflicte a desigualdade entre homes e mulleres xa que o 75,2% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia son mulleres, máis dun punto superior á estimada no mesmo trimestre do ano anterior (74,1%); en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo mantense en torno ao 44%. De xeito similar, no conxunto de España o 72,6% do emprego a tempo parcial son mulleres fronte ao 42,2% no caso do tempo completo.

Se se considera tan só o emprego asalariado indefinido, oitenta e un de cada cen persoas asalariadas con contrato indefinido a tempo parcial en Galicia son mulleres, porcentaxe similar a estimada no primeiro trimestre do ano anterior; en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo mantense no 43,7%. Asemade, o 21,3% das mulleres asalariadas con contrato indefinido teñen un emprego a tempo parcial o que contrasta co 4,7% estimado entre os homes (21,8% e 4,8% no ano precedente, respectivamente).

DESEMPREGO

A poboación parada no primeiro trimestre do ano descende en Galicia ata as 131.600 persoas, das que 66.800 son mulleres (50,8%) e 64.800 son homes (49,2%). En relación ao ano anterior do desemprego redúcese en tan só 4.4200 persoas, o que supón un 2,5% inferior respecto ao ano precedente, porcentaxe significativamente máis reducida que a experimentada no conxunto do Estado, cunha redución do 6,5%. A pesar desde descenso do desemprego en Galicia, cómpre resaltar a ralentización na caída do paro tendo en conta que no primeiro trimestre de 2023 o descenso foi do 4,4%, superando o 12% no resto do ano 2023. Tras esta evolución a taxa de paro en Galicia redúcese ata o 10,5%, case dous puntos por baixo da media estatal (12,3%), o que a sitúa como a oitava C.A. coa taxa máis reducida.

Os datos das oficinas de emprego en Galicia reflicten o devandito descenso do desemprego, producíndose este con maior intensidade que o estimado pola EPA. Entre xaneiro e marzo o número medio de persoas paradas rexistradas redúcese un 9,4% respecto ao mesmo período do ano anterior para situarse en torno a 130.200 persoas, 13.500 menos que no meso período do ano precedente. No conxunto do Estado esta taxa de variación interanual sitúase no 4,9%.

Atendendo ao valor das taxas de

paro, que reflicten a relación entre a poboación parada e a poboación activa, o desemprego segue a afectar en maior medida ao desemprego feminino. Dunha banda, a taxa de paro entre as mulleres descende ata o 10,9% fronte ao 10% entre os homes. Este diferencial entre homes e mulleres é significativamente máis acusado no conxunto do Estado, onde a taxa de paro feminino descende ata o 13,7%, o que supón 2,7 puntos máis elevada que o desemprego entre os homes, o triplo do estimado en Galicia.

As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudos primarios volven a ser os colectivos máis afectados polo desemprego. Con todo, cómpre destacar a positiva redución das taxas entre a poboación máis nova e aquela con estudos primarios en relación aos mesmos períodos de anos anteriores. Dunha banda, a taxa de paro entre os menores de 25 anos descende no último trimestre ata o 28,1%, seis décimas inferior ao estimado na mesma data do ano anterior, mentres que entre as persoas de 25 a 54 anos a taxa de paro redúcese ata o 9,7% (10,4% no ano precedente) e entre os maiores de 55 anos aumenta ata o 9% (8,8% en 2022). Doutra banda, atendendo ao nivel de estudos rematados, a taxa de paro redúcese entre as persoas con estudos primarios ata o 22,5% no primeiro trimestre fronte ao 27,9% no ano anterior. Asemade, esta taxa permanece relativamente estable no 7,6% entre

Evolución da poboación parada e da taxa de paro en Galicia 2019-2024.

	2022				2023				2024
	I	II	III	IV	I	II	III	IV	I
	(en miles de persoas)								
Poboación parada	141,2	138,6	136,2	131,6	135,0	117,2	117,2	114,9	131,6
Homes	65,4	67,0	63,8	61,3	64,1	56,2	56,2	53,8	64,8
Mulleres	75,8	71,6	72,5	70,3	70,9	61,0	61,0	61,1	66,8
Paro de longa duración	56,1	52,7	49,9	47,2	47,4	41,0	41,0	42,0	43,1
	(Taxa de variación interanual; %)								
Poboación parada	-9,5	-8,2	8,1	-2,0	-4,4	-15,4	-14,0	-12,7	-2,5
Homes	-11,4	-6,2	4,8	-2,4	-2,0	-16,1	-11,9	-12,2	1,1
Mulleres	-7,9	-9,9	11,4	-1,7	-6,5	-14,8	-15,9	-13,1	-5,8
Paro de longa duración	-5,6	-15,1	-0,6	-19,5	-15,5	-22,2	-17,8	-11,0	-9,1
	(porcentaxe de poboación activa; %)								
Taxa de paro									
Total	11,4	11,2	10,9	10,6	10,9	9,4	9,4	9,2	10,5
Homes	10,2	10,4	9,9	9,7	10,1	8,8	8,5	8,4	10,0
Mulleres	12,8	11,9	12,0	11,6	11,8	10,0	10,3	10,0	10,9
Segundo nivel de estudos									
Estudios primarios	24,8	25,2	20,0	24,0	27,9	27,1	17,0	16,8	22,5
ESO. 1ª etapa	14,0	13,6	12,0	12,6	13,1	10,3	9,8	10,3	12,4
ESO. 2ª etapa	13,1	13,5	12,5	11,8	12,6	10,4	11,1	11,2	11,9
Educación superior	8,3	7,7	9,0	8,0	7,5	7,0	7,7	6,7	7,6
Segundo grupos de idade									
Menores de 25 anos	32,0	35,3	32,8	30,5	28,7	23,8	24,8	21,4	28,1
De 25 a 54 anos	10,7	10,1	10,1	10,1	10,4	8,7	8,9	8,6	9,7
Maiores de 55 anos	9,9	9,9	8,6	8,4	8,8	8,4	7,2	8,6	9,0
Segundo nacionalidade									
Española	10,5	10,5	10,3	10,2	9,7	8,5	8,7	8,6	9,4
Estranxeira	28,0	20,9	20,1	18,2	27,3	22,5	19,0	17,0	23,5

Fonte: IGE

aquelas con educación superior (7,5% no ano anterior). Por último, a pesar de que a taxa de desemprego descende entre as persoas con nacionalidade española e estranxeira, entre estas últimas a taxa de paro sitúase no 23,5%,

case catro puntos menos que en 2023, fronte ao 9,4% entre as persoas españolas (9,7% no ano precedente).

Pola súa importancia cómpre facer referencia ao número de persoas que levan máis dun ano en situación de

desemprego. En concreto, no primeiro trimestre hai un total de 43.100 persoas que levan máis dun ano en paro, o que representa o 32,8% do desemprego en Galicia, a porcentaxe máis reducida nun primeiro trimestre dende o ano 2009. En relación ao ano precedente, cómpre resaltar o maior descenso que o paro total tanto en termos relativos (-9,1% vs -2,5%) como absolutos (4.300 persoas menos fronte ás 3.400 parados menos).

O descenso do paro de longa duración afecta en maior medida ás persoas de 45-54 anos e á poboación máis nova fronte ao incremento no caso dos maiores de 55 e aquelas cunha idade comprendida entre os 35 e 44 anos. En concreto, o descenso interanual entre as persoas menores de 25 anos foi de 1.400 persoas, o que supón unha caída do 56%, en tanto que entre aquelas persoas con idades comprendidas entre 45-54

anos o descenso foi do 26,5% (4.300 persoas paradas menos). Por contra, entre os maiores de 55 anos o incremento foi do 9,1% (1.200 persoas máis) e nos que teñen entre 35 e 44 anos, do 7,2% (600 persoas).

Por último, cómpre facer referencia á situación dos fogares galegos segundo a tipoloxía de actividade. Un primeiro aspecto positivo é o importante descenso do número de fogares con todos os seus activos en situación de desemprego. En concreto, tras un descenso interanual do 12,1%, Galicia conta con 49.900 fogares con todos as persoas activas en paro, 6.900 fogares menos que no ano anterior, o que representa o 4,4% dos fogares galegos. Ademais, aumenta o número de fogares onde todas as persoas activas están ocupadas, acadando os 769.000 fogares, o que supón un 2,3% máis que no ano precedente (14.400 fogares máis).

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.



SOCIOS



//ABANCA

INFORME DE CONXUNTURA SOCIOECONÓMICA

I / 2024

FERNANDO GONZÁLEZ LAXE (COORD.)

JOSÉ FRANCISCO ARMESTO PINA

PATRICIO SÁNCHEZ FERNÁNDEZ

SANTIAGO LAGO PEÑAS